



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE A CONTRATACIÓN DAS CUADRILLAS DE INCENDIOS NOS ANOS 2002, 2003, 2004 e 2005

1. En xaneiro de 2005, despois de algunhas denuncias persoais de veciños que nos mostraron o seu malestar, o BNG de Teo solicitou "A consulta do expediente de contratación do persoal das cuadrillas de incendios nos anos 2002, 2003 e 2004, incluíndo a documentación relacionada cos procesos de convocatoria e selección, e os acordos da Comisión de Goberno ou da Alcaldía referidos a este tema".

2. A documentación aportada polo Concello redúcese aos convenios coa Deputación e a Consellería de Medio Ambiente, xunto cunha relación das persoas que forman as cuadrillas. Unha pregunta realizada posteriormente nun Pleno por un concelleiro do BNG, non aportou maior información, polo que entendemos que non existiu ningún proceso de contratación, máis que a exposición pública da lista das persoas contratadas.

3. Estudado o proceso no ano 2004 (nada hai distintos en outros anos), recóllese o convenio coa Deputación para a contratación dunha cuadrilla dun mínimo de cinco membros, 2 meses e medio, por un custe de 7.525 euros, dos que a Deputación paga 3.010 euros por mes.

O convenio non fixa condicións de contratación, xa que no punto 3 estipula "A súa contratación, operatividade e responsabilidade de contratación corresponde ao Concello"

4. O convenio coa Consellería de Medio Ambiente é similar, se ben a 2ª cláusula recolle que "procurarase que os compoñentes teñan experiencia nas tarefas de prevención e defensa contra incendios e unha capacidade física axeitada".

O persoal dependerá xurídica e organicamente do Concello. A Consellería participa aportando un total de 35.206,00 euros

5. Con todo, o convenio coa Consellería sinala no Anexo II que o persoal debe estar entre os 18 e 60 anos, ter experiencia previa, e inclúe as recomendacións CTN ICONA/ CCAA núm 1/1993, aprobadas pola Comisión o 17 de marzo de 1993, propoñendo incluso un tipo de proba de selección.

6. As denuncias recibidas fannos sospeitar que nunca existiu unha proba selectiva nin, por exemplo, unha valoración de méritos como a experiencia (que supostamente si se valoraba)

7. O último documento do expediente é un informe remitido á Consellería no que se afirma que con data 07/06/2004 o Concello asinou un convenio coa Consellería, para unha cuadrilla entre o 17/06/2004 e o 01/09/2004, e para unha segunda cuadrilla entre o 22/07/2004 e o 21/09/2004. Engádese "Tra-los trámites pertinentes realizouse a contratación dunha cuadrilla". Asíñase o 4 de outubro de 2004.

8. A Lei 30/1984 de Medidas para a Reforma da Función Pública, coas correspondentes modificacións, establece no seu artigo 19

1. Las Administraciones Públicas seleccionan su personal, ya sea funcionario, ya laboral, de acuerdo con su oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen en todo caso los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Los procedimientos de selección cuidarán especialmente la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Demandar da Alcaldía unha explicación detallada do proceso utilizado para a contratación das cuadrillas de incendios nos últimos anos, aclarando:

- a) Tipo de publicidade da convocatoria pública realizada cada ano (2002, 2003, 2004 e 2005) e prazos de presentación de solicitudes
- b) Bases de cada unha das convocatorias, coa relación de méritos e criterios de puntuación para cada un dos aspectos demandados
- b) Número de persoas presentadas a cada un dos procesos
- d) Composición do tribunal (se existise) ou persoa responsábel da selección do persoal
- e) Resolucións motivadas de cada unha das convocatorias coa puntuación outorgada a cada persoa e a cada un dos méritos

2. Demandar da Alcaldía e dos responsábeis do proceso, se fose o caso, as responsabilidades políticas a que houbera lugar

3. Acordar, a partir deste momento, a utilización de procesos de contratación do persoal das cuadrillas de incendios que garantan a publicidade da convocatoria, a transparencia do proceso, a exacta determinación da puntuación de cada un dos requisitos demandados (por exemplo, a experiencia), e a valoración obxectiva dos méritos dos e das participantes.

En Teo, a 14 de setembro de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira

Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO